# CLIPPING DE PRENSA

# O Rexurdimento do Divino Sainete

Trátase dunha peza teatral felizmente concibida e intelixentemente resolta como proposta escénica, por ter sabido mesturar a obra poética máis crítica e polémica de Manuel Curros Enríquez (O Divino Sainete) coa propia e non menos polémica traxectoria biográfica do autor, destacando a simbiose conseguida entre a representación da ficción literaria e o relato da realidade vivida

Antonio Piñeiro
Secretario da Fundación
Curros Enríquez



# O Rexurdimento do Divino Sainete

Producido por

La Glotte

Espectáculo apoiado por

DEPUTACIÓN OURENSE

Concello de Celanova

FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ

Concello de Pontevedra

Concello de AMES

Espectáculo financiado por

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Espectáculo distribuido por

CULTUR ACTIVA



# PRENSA




**Nazan L. Bamio e Sandra Gade.** / LaGriot'te

Bamio e Gade forman LaGriot'te e estrean 'O rexurdimento do divino sainete'

## "La Griot non é só o nome da compañía, é unha personaxe troncal en todas as obras que facemos"

**Laura Veiga** | Nós Diario

Nazan L. Bamio (Pontevedra, 1991), xestor cultural e director de escena, e Sandra Gade (Cádiz, 1989), bailarina e actriz, dirixen a compañía LaGriot'te cuxo obxectivo principal é manter viva a memoria colectiva. Actualmente están presentando a obra *O rexurdimento do divino sainete.*

**Por que puxeron en marcha LaGriot'te?**

**Sandra Gade:** A pandemia pillounos en Londres. Tiñamos tempo e unha maneira común de expresar o teatro, polo que nos pareceu un bo momento para fundar a compañía. Non queriamos creala para facer unha obra de teatro e xa está. Queríamos ter unhas bases e uns cimentos moi claros para ter un selo propio, máis aló das obras de teatro que fagamos. Decidimos nomeala así porque El Griot ou La Griot é unha figura que existe nalgunhas tribos baseadas na tradición oral. Estas son as persoas encargadas de contar as historias e as lendas do pobo. Este non é só o nome da compañía, senón un personaxe troncal que está en todas as obras que facemos: a xograresa do século XXI.

**Como foron eses inicios?**

**Nazan L. Bamio:** Aproveitamos que se celebraba o Festival of Spanish Theatre (FesTeLõn) e participamos coa nosa primeira obra, aínda en construción e que logo se converteu en Jácara para un pícaro. Gañamos o primeiro premio do público e o terceiro do xurado. O feito de comezar cunhas bases claras para nós era moi importante non só por saber que contar, senón tamén por como facelo. Nós traballamos cunha forte compoñente visual, máis achegada ao xestual e ao físico, polo que isto marca moito os ensaios e como representamos as obras.

**S.G:** O teatro só existe cando hai público, cando se crea ese ritual. O público é para quen traballamos e para quen facemos as obras. Polo que o traballo visual que facemos é a maneira que temos de que o público imaxine. Na nosa vida cotiá estamos tan centradas na rutina e en facer cousas que toda a nosa parte mental acaba esgotada, deixando a imaxinación durmida. A espiña dorsal da compañía é facer adaptacións de textos que non son contemporáneos, mais que aínda teñen moita forza. Nós facemos unha proposta e cada persoa do público, co seu criterio e co que ve enriba do escenario, saca a conclusión que queira.

**Precisamente, a última obra que están estreando é unha adaptación do poema *O divino sainete* de Curros Enríquez.**

**N.L.B.:** Nós entendemos o teatro como unha herdanza. Ademais, na compañía traballamos moito o grotesco e a sátira. Investigando sobre distintos autores galegos, descubrín este texto de Curros, que eu non coñecía para nada e que estaba moi en sintonía coa nosa maneira de traballar. A obra orixinal sinala comportamentos ou persoas da súa época, colocándoas en diferentes vagóns dun tren que representan os pecados capitais. Así, facía unha panorámica da situación social da súa época. E iso é sobre o que queremos reflexionar nós: comportamentos de hai máis dun século que aínda perviven. Pode que o tren xa non sexa de vapor, mais o que hai dentro é bastante similar. Ademais, segundo nos comentaron desde a Fundación Curros Enríquez vai ser a primeira vez que se represente nun escenario.

**S.G.:** Nós facemos teatro para un público adulto, mais tamén temos o interese de achegarnos á rapazada. Parécenos moi importante que poidan aprender sobre Curros dunha forma máis dinámica e a través da educación teatral.

**N.L.B.:** Na adaptación mesturamos o que sucede no vagón coa figura de dous xornalistas que van comentando a vida de Curros de maneira que o público entenda o contexto e sinta a este autor como unha figura máis próxima.

# PRENSA

ESPECTÁCULO

## Renace "O Divino Sainete", en honor a Curros Enríquez

El Auditorio Municipal de Celanova rinde homenaje a una de las míticas figuras de las que es cuna la tierra de Celanova. En honor al 173 aniversario del nacimiento de Curros Enríquez, es estrenada la obra "Rexurdimento do Divino Sainete".

Este promete ser un evento cultural destacado para toda la comarca y ya tiene establecido su paso por la capital termal con una presentación el miércoles en el Centro Cultural Marcos Valcárcel. La puesta en escena contará con la presencia de destacados representantes culturales e institucionales. El grupo "La Griotte" lleva un año trabajando en una obra que se toma la licencia de versionar la pieza original, llena de sátira y también de crítica social, del autor celanovés.



**DÓNDE: AUDITORIO MUNICIPAL DE CELANOVA**
**CUÁNDO: A PARTIR DE LAS 20,00 HORAS**

PRESS CLUB
Todos los protagonistas de la temporada en www.laregion.es



## A nova tempada escénica galega chega coa estrea de nove espectáculos cargados de reflexións e humor

'O rexurdimento do divino sainete', 'A cincenta que non quería comer perdices' ou 'Cortello de amor' e '#Influencers' son algúns dos títulos.

Por Europa Press / Redacción | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 02/09/2024 | Actualizada ás 19:44

# PRENSA

FARO DE VIGO 170 AÑOS AQUÍ CONTIGO SIEMPRE

## La nueva temporada escénica gallega llega con el estreno de nueve espectáculos

Comedia, drama, familiar o crítica social serán algunos de los géneros que abarcarán las obras

Según ha explicado la Xunta en una nota de prensa, algunos de estos montajes que verán la luz durante los próximos meses y que cuentan con el apoyo del Gobierno gallego son **'O rexurdimiento do divino sainete'** o **'A cincenta que non quería comer perdices'.**

De este modo, 'O rexurdimento do divino sainete' es un espectáculo con el que se presenta en **Galicia Lagriot'te**, una nueva **compañía gallego-andaluza**, nacida en Londres y que el próximo 15 de septiembre presentará en Celanova (Ourense) esta propuesta basada en el poema de Curros Enríquez.

DS Diario de Santiago.es

Después de que las piezas de danza *Perder a lingua*, de Eva Comesaña, y *Roar*, de VACAburra, se estrenaran hace unos meses, la siguiente en ver la luz será *O rexurdimento do divino sainete*, de la nueva compañía gallego-andaluza Lagriot'te, fundada en Londres. Esta obra, que se presentará en Celanova el 15 de septiembre, destaca por su música en directo y está basada en el conocido poema de Curros Enríquez, ofreciendo una nueva perspectiva tanto de su obra como de su biografía menos conocida.

# PRENSA

**OSIL.info**

Inicio / Última hora / A obra "Rexurdimento do Divino Sainete", do colectivo teatral La Griotte, estrearase este domingo no Auditorio de Celanova

Cultura | Cultura | Última hora

## A obra "Rexurdimento do Divino Sainete", do colectivo teatral La Griotte, estrearase este domingo no Auditorio de Celanova

13 de Setembro de 2024



La Voz de Galicia

Inicia sesión

OURENSE

## «O divino sainete» chega por vez primeira ao teatro

LA VOZ



Presentación de «O rexurdimento do divino sainete» Alberte Paz

A montaxe estrearase o día 15 no Auditorio de Celanova

12 sep 2024 . Actualizado a las 05:00 h.

# PRENSA

La Voz de Galicia

CELANOVA

## Curros volveu á súa vila para a estrea dunha nova montaxe teatral

LA VOZ

Estrea de «Rexurdimento do divino sainete» **Cedida**

O Auditorio de Celanova acolleu a estrea asoluta de «O rexurdimento do divino sainete»

**17 sep 2024** . Actualizado a las 20:03 h.

Comentar · 0

En **Celanova** celebraron o 173 aniversario do nacemento de **Manuel Curros Enríquez** da mellor das maneiras posibles: coa estrea absoluta da montaxe teatral **«O rexurdimento do divino sainete»**. O texto orixinal, a obra «O divino sainete», non foi escrito polo poeta de Celanova para a escena, aínda que a obra foi adaptada e dirixida por **Nazán L. Bamio**. **Sandra Gade, Celina Fernández Ponte e Marcos Grandal** foron os protagonistas.

OURENSEXA

INICIO > OURENSEXA > CELANOVA > O COLECTIVO TEATRAL LA GRIOT'TE ESTREARÁ EN CELANOVA A OBRA O 'REXURDIMENTO DO DIVINO SAINETE'

Cultura | Axenda

## O colectivo teatral La Griot'te estreará en Celanova a obra o 'Rexurdimento do Divino Sainete'

Celanova OurenseXa

A estrea desta peza, baseada na obra Manuel Curros Enríquez, terá lugar no Auditorio Municipal de Celanova o vindeiro domingo, 15 de setembro

# PRENSA

OURENSEXA

INICIO > OURENSEXA > CELANOVA > CELANOVA CONMEMORA O 173 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Cultura

## Celanova conmemora o 173 aniversario do nacemento de Manuel Curros Enríquez

Celanova — OurenseXa

O Auditorio Municipal de Celanova acollerá este domingo a estrea da peza teatral 'Rexurdimento do Divino Sainete' para render homenaxe ao poeta celanovés

La Región — CELANOVA | El universo de Manuel Curros Enríquez, a escena en Celanova

CELANOVA

PRESENTACIÓN Y ESTRENO

## El universo de Manuel Curros Enríquez, a escena en Celanova

**Este domingo, 15 de septiembre, a las 20:00 horas, el Auditorio Municipal de Celanova acogerá el estreno de "Rexurdimento do Divino Sainete", una obra teatral que promete ser un evento cultural destacado en la comarca**

Este domingo, 15 de septiembre, a las **20:00 horas**, el Auditorio Municipal de Celanova acogerá el estreno de **"Rexurdimento do Divino Sainete"**, una obra teatral que promete ser un evento cultural destacado en la comarca. La representación se enmarca en la **conmemoración del 173 aniversario del nacimiento del poeta Manuel Curros Enríquez**, uno de los más ilustres hijos de Celanova y autor de la obra literaria en la que se basa esta adaptación. La presentación de la obra **tuvo lugar este miércoles en el Centro Cultural Marcos Valcárcel** de Ourense, con la presencia de destacados representantes institucionales y culturales.

El acto de presentación contó con la participación de **Rosendo Fernández**, diputado de Relaciones Institucionales de la Diputación provincial de Ourense; Teresa Barge, alcaldesa en funciones de **Celanova**; Antonio Piñeiro, secretario de la Fundación Curros Enríquez, y otros miembros de la Fundación. Además, estuvo presente el elenco del grupo de teatro "La Griotte", acompañados de la **marioneta representativa del propio Curros Enríquez**, que será uno de los elementos centrales de la puesta en escena. Durante la presentación, los responsables destacaron el minucioso trabajo de interpretación del texto y del **contexto histórico que el grupo ha realizado para adaptar la obra a un formato teatral**, manteniendo la esencia crítica y satírica del original.

"Rexurdimento do Divino Sainete" es el resultado de aproximadamente **un año de trabajo del colectivo teatral "La Griotte"**, quienes asumieron el reto de llevar a la escena una adaptación innovadora de la obra original de Curros Enríquez, e invitan al público a sumergirse en este viaje. La obra original es un poema satírico y mordaz en el que el poeta aborda los **problemas morales y sociales de su época a través de una travesía ficticia a Roma en un tren**, donde cada vagón simboliza uno de los siete pecados capitales. En esta adaptación teatral, el grupo ha apostado por una **composición singular y alternativa**, utilizando marionetas para dar vida a los personajes y escenarios.

# PRENSA

culturagalega

## O teatro revisa o xuízo a Curros Enríquez en 'O Rexurdimento do Divino Sainete'

A compañía LaGriot'te estrea o espectáculo este domingo en Celanova

11 / 9 / 2024 / Santiago. Redacción / Teatro / Espectáculos

# RADIO







# TELEVISIÓN




TELEVISIÓN DE GALICIA





# O Rexurdimento do Divino Sainete

www.lagriotte.es

FOTOS

TEASER

LaGriot'te

@lagriot_te

DISTRIBUCIÓN

CULTUR ACTIVA

info@culturactiva.org
981 58 28 36